# PROCESO PARA REXISTRO DE PLANS NO REGCON

A continuación, figuran os pasos para seguir para realizar a tramitación telemática da inscrición do Plan de Igualdade no **REGCON**.

No menú última modificación, poderanse consultar os pasos para seguir para iniciar o rexistro e no menú Axuda, poderase consultar toda a documentación requirida para realizar o rexistro do Plan.




Para poder acceder a rexistrar o plan de igualdade é necesario darse de alta como persoa usuaria da aplicación do REGCON, e para iso, é imprescindible estar en posesión dun certificado dixital.

Na seguinte pantalla xa están cumprimentados o noso nome e apelidos, e non se poden cambiar, porque a aplicación cólleos directamente do certificado dixital.



Nesa pantalla, temos que introducir como campos obrigatorios: a dirección, o código postal, a provincia, o teléfono e un correo electrónico.

Unha vez introducidos todos os datos, prememos no botón ‘Continuar’ e xa estamos dados de alta no REGCON.

É importante ter en conta que o tempo durante o que podemos estar conectados a REGCON sen realizar ningunha acción é de 20 minutos, despois dos cales a aplicación péchase. E moitas veces ese prazo é máis curto debido á saturación de persoas conectadas á aplicación no mesmo momento.

Cando se pecha a aplicación, aparece unha pantalla cos enlaces ás páxinas das autoridades laborais autonómicas para que poidamos volver conectarnos ao rexistro correspondente.






Para proceder ao rexistro do plan de igualdade, temos que premer, no menú da esquerda, no apartado "CONVENIOS E ACORDOS COLECTIVOS, PLANS DE IGUALDADE, SEN CÓDIGO (Novo Acordo)"




Ao premer no apartado de acordos sen código, amósase unha mensaxe para confirmar que se trata dun acordo que non ten código, e se é así, prémese "Aceptar".




Na seguinte pantalla, selecciónase "Empresa" e ábrese un despregable no que hai que seleccionar a natureza do plan, en función de se o plan de igualdade foi acordado ou non.




O procedemento para o rexistro do plan é o mesmo independentemente de que o plan sexa Acordado ou Non Acordado, así que a continuación amosamos os pasos a seguir para o rexistro no caso de plans de igualdade acordados:

Seleccionar Empresa e, no despregable, Acordos sobre Plans de Igualdade (Art.2.1f) ACORDADOS

---




Seleccionar ámbito xeográfico autonómico (aparece marcado Galicia por defecto e non se pode modificar, hai que dar a “seguinte”)




Seleccionar ámbito xeográfico (provincia)




Proceder a cubrir os datos do acordo:

## Datos básicos 1



- Denominación do nome da empresa
- Seleccionar o ámbito funcional




- Datos relativos á empresa: Nome e CIF da empresa
- Datos de contacto da Comisión negociadora: Introducir, separados por ';' os enderezos de correo electrónico dos membros da comisión negociadora aos que se lles deba comunicar a emisión das notificacións relacionadas co convenio que se está a rexistrar.
- CNAE (despregable): A continuación debe introducir unha CNAE de 4 díxitos. Para iso, debe seleccionar primeiro a CNAE de nivel 1, logo a de nivel 2 e finalmente a CNAE a 4 díxitos.















<u>Arquivos adxuntos</u>

Os arquivos adxuntos obrigatorios para poder rexistrar o acordo son 'ACTA DE CONSTITUCIÓN', 'ACTA DE SINATURA', 'TEXTO DO ACORDO' e 'DELEGACIÓN DA CN NO ASINANTE DA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN' e 'TEXTO DO ACORDO SEN SINATURA'.

Tanto o Informe do diagnóstico da situación da empresa, como os resultados da auditoría retributiva, forman parte do plan de igualdade, e por tanto, se non están incluídos no texto do plan, deben presentarse a través da opción OUTROS. Se se utiliza esa opción os documentos citados non serán públicos.

NOTA: non se poden engadir documentos co mesmo nome.




ACTA DE CONSTITUCIÓN: Acta da primeira reunión para a elaboración do plan de igualdade, que deberá ir asinada.

ACTA DE FIRMA: Acta onde se aproba definitivamente o plan de igualdade, que deberá ir asinada.

DELEGACIÓN DA CN NO FIRMANTE DA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN: Documento moi sinxelo onde a comisión que negociou o plan de igualdade delega nunha persoa con certificado electrónico, a presentación no REGCON do plan de Igualdade, que deberá ir asinado pola comisión negociadora.

TEXTO DO ACORDO: É o texto do plan de igualdade asinado.

TEXTO DO ACORDO SEN FIRMA: Texto do plan de igualdade en Word, ou formato similar, sen asinar.

# Datos básicos 2




- Datos básicos: Todos os campos aparecen cubertos por defecto, excepto a data de vixencia do plan, que se ten que cubrir




- Ámbito: tamén aparece cuberto por defecto, excepto o referente ao ámbito persoal, no que hai que seleccionar a opción que corresponda


ÁMBITO

Ámbito Territorial: PROVINCIAL

Autoridade Laboral: Autoridade Laboral Provincial de Coruña (A)

Ámbito Xeográfico

- Coruña (A)

Ámbito Persoal *

OUTRAS EXCLUSIÓNS
TODOS OS TRABALLADORES
EXCLUSIÓNS POR RAZÓNS DO POSTO OU FUNCIÓN DESEMPEÑADA
DE CATEGORÍA OU GRUPO PROFESIONAL

- Representación: Seleccionar no despregable o tipo de representación de persoal que ten a empresa, e tense que indicar como mínimo unha organización sindical. No caso de empresas de pequeno tamaño, nos que non haxa representación do persoal, deberase escoller a opción "OUTROS".


REPRESENTACIÓN

Representación Traballadores *

Organizacións Sindicais *

CCOO
UGT
USO
CIG
GRUPO DE TRABALLADORES INDEPENDENTES
ELA
LAB
CGT
OUTROS SINDICATOS


REPRESENTACIÓN
Representación Traballadores *
COMITÉ INTERCENTROS
SINDICATOS
DELEGADOS DE PERSOAL E COMITÉ DE EMPRESA
SECCIÓNS SINDICAIS
OUTROS
Organizacións Sindica
CCOO
USO
CIG
GRUPO DE TRABALLADORES INDEPENDENTES
ELA
LAB
CGT
OUTROS SINDICATOS

- Enviar


Inicio | Datos de rexistro de acordo
Datos Sinatura
DATOS BÁSICOS 1
DATOS BÁSICOS 2
ENVIAR
Datos de acordo sen antecedentes
Resumen Formulario
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>
<documento>
<acuerdo Id="original" xmlns="http://www.mtin.es">
<metadata>
<tipo_HE>EMPRESA</tipo_HE>
<fecha_registro_acuerdo>26/02/2021</fecha_registro_acuerdo>
<antecedentes>false</antecedentes>
</metadata>
Enviar
Anterior
Cancelar